

27 SETEMBRO

**FOLGA
ESTUDANTIL
EUROPEA**
CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO



O capitalismo
MATA
o PLANETA

Desde o Sindicato de Estudiantes convocamos a toda a mocidade á folga xeral estudantil europea do 27 de setembro contra o cambio climático e para denunciar ós responsables da catástrofe medioambiental que sofre o noso planeta: as multinacionais e os gobernos ó seu servizo.

A loita da mocidade constitúe xa a acción máis importante contra a devastación ecolóxica, e por iso rexeitamos a hipocrísia dos políticos defensores do sistema que tratan de sumarse ao carro para asimilar o noso movemento e desposuílo do seu carácter anticapitalista. Os mesmos que durante anos celebraron cumios do clima aparentando sensibilidade medioambiental, permiten que as multinacionais capitalistas sigan destruindo, envelenando e degradando a natureza, o aire que respiramos e os alimentos que comemos.

A causa deste aparente “despropósito” é concreta: o modo de produción capitalista, que para asegurar os beneficios dunha minoría de magnates e empresarios non dubida en arrasar o planeta. Os datos dino claramente: o 71%



das emisións de CO₂ no mundo son producidas por 100 grandes empresas e o 10% dos millonarios máis ricos son responsables do 49% das emisións globais.

A gran mentira do “capitalismo verde”.

Agora está de moda que empresas e políticos mostren o seu “compromiso ecolóxico”, mais non nos enganar. Incluso moitos dos partidos verdes cando chegaron a gobernos como en Irlanda ou Alemaña sometéronse aos intereses empresariais e apoiaron as políticas de recortes sociais e privatizacións.

No Estado español, o Goberno do PSOE fala de poñer en marcha unha “axenda de transición ecolóxica”. Pero estas bonitas palabras non se corresponden ca realidade: durante anos no poder concederon todo tipo de privilexios ás multinacionais contaminantes. Se Pedro Sánchez quere loitar de verdade contra o cambio climático debe nacionalizar inmediatamente as empresas eléctricas e do sector da enerxía para que sexan públicas e baratas. Deste xeito poderíase garantir un transporte público, de calidade e gratuíto, dando pasos serios para rematar ca contaminación medioambiental.

Defender a natureza transformando a sociedade

A mobilización pola supervivencia do planeta non incumbe só á mocidade, e non está separada do resto de reivindicacións sociais e educativas polas que pelexamos nestes anos. Por esta razón tamén apelamos ó conxunto de sindicatos de traballadores a que se sumen á loita e convoquen unha folga xeral de 24 horas.

Salvar o planeta require terminar co control asfixiante que exercen sobre a produción mundial un puñazo de grandes multinacionais, e establecer a planificación da economía de xeito racional e respectuoso co medioambiente, garantindo o pleno emprego, salarios e servizos públicos dignos, e xustiza social. Só acabando coa opresión capitalista e construindo unha sociedade autenticamente democrática e baseada na xustiza social, unha sociedade socialista, poderemos preservar a natureza e libranos da catástrofe que nos ameaza.

Por iso o 27S volveremos baleirar as aulas e encher as rúas nas decenas de manifestacións que celebraremos á mañá en todo o Estado.

**Todas e todos á folga
e as manifestacións ás 12h!**

**VIGO: Farola Urzaiz
FERROL: Edificio Xunta**

www.sindicatodeestudiantes.net